

Circular Informativa nº 4/2022**DISPUTA DE ENCONTROS APRAZADOS POR MOTIVOS DA COVID-19**

(31 de xaneiro de 2022)

O artigo 25º da Sección III dentro do Título Segundo *Dos encontros* Capítulo I do Regulamento de Encontros e Competicións, establece no punto 4. que no caso dos encontros aprazados da segunda volta, estes deberán disputarse antes do final da liga ou fase da competición da que se trate, agás causas de forza maior segundo criterio da FGVb.


Dentro das Disposicións Finais de dito Regulamento de Encontros e Competicións, a Primeira establece: “Todo aquilo que non estea contemplado polo presente Regulamento será regulado polas Normas Xerais e Específicas de cada temporada así como pola normativa da RFEVB”.

Tamén o punto 29.12 das Normas Xerais de Voleibol establece que “*Para calquera aspecto non reflectido nesta normativa, seralle de aplicación a normativa propia da RFEVB.*”

No caso de que o remate da segunda volta da Primeira Fase ou *liga regular*, non se teñan xogados todos os encontros, sendo estes aprazamentos por mor da COVID-19, a nosa normativa non recolle a resolución destes encontros, polo que atendendo o disposto tanto no Regulamento de Encontros e Competicións, como nas Normas Xerais de voleibol, temos que acudir o punto 32.3 das “Normas Generales de Competición Temporada 2021-2022” da RFEVB, que establece “Los partidos aplazados que no se puedan reprogramar por falta de fechas, aunque no se hayan superado el cupo de 6, se darán por perdidos 0-3 al equipo imposibilitado de jugar y se hará la consiguiente atribución de puntos en la clasificación.”

Co fin de que os Clubs galegos afectados poidan organizar os seus calendarios de competición, procedemos a emitir a presente Circular, que da resposta a unha posible situación futura dos mesmos.

Atentamente,



José Ramón Baña Suárez
Secretario Xeral